A REDE NATURA 2000

O Río Tea, xunto con algúns dos seus afluentes como o Alén, forma parte da Rede Natura 2000, a rede europea de espazos naturais protexidos, É un dos ríos mellor conservados do sur de Galicia: en canto as súas ribeiras e a súa continuidade.

O río sostén unha das comunidades de peixes máis diversad de Galicia, debido en parte á accesibilidade aos tramos altos para especies migratorias como a anguía, a lamprea, e o reo e o salmón atlántico. Augas limpas e ben osixenadas, e beiras naturais con máis de 350 especies de plantas autóctonas, crean as condicións ideais para invertebrados, anfibios, mamíferos e aves ligado ao medio acuático, incluíndo rarezas como o auganeiro (galemys pyrenaias), especies endémicas como a píntega rabilonga (Chioglossa lusitanica), e nobles pescadores como a lontra e o picapeixe.

REO

O seu bosque de ribeira, no que os carballos comparten espazo con ameneiros, salgueiros e freixas, é máis ou menos continuo desde a Serra do Suído ata o Baixo Miño. Créase así un importante corredor ecolóxico, que permite o movemento de animais por tódolo seu curso.

A ruta AQA lévanos por un percorrido de sendeiros novos e camios tradicionais, pasando por algunhas das paisaxes máis fermosas do río Tea.

Está baseado nun roteiro circular de 11,5 km polo val do Tea, entre Redondoe a praia fluvial de Maceira. Podemos extendelo desde Redondo ata Barciademera, nun ramal adicional de 2,2 km. Alternativamente podemos continuar desde Lourido ata Santiago de Covelo, noutro ramal de 4,0 km. Existe unha audioguía que describe a ruta en detalle (**www.concellodecovelo.es/audioguias).**

MÁIS INFORMACIÓN E AUDIOGUÍA DA RUTA:
Concello de Covelo: 986 650 027

A auga é a sangue que dá vida aos diversos ecosistemas polos que pasamos no camiño, nos que habitan verdadeiros tesouros da flora e fauna galega. A auga tamén deu lugar a un patrimonio etnográfico excepcional: de presas, levadas e muíños, de fontes e pasos, testemuños do íntimo vencello entre os covelenses e o río Tea ao longo dos séculos

NATURA 2000

CONCELLO DE COVELO

www.concellodecovelo.es

Ruta AQA

Un roteiro para gozar do patrimonio natural e cultural do val do río Tea

A PAISAXE DO TEA

O río Tea nade entre as chuviosas serras do Suído e do faro de Avión, discorrendo polas zonas de falla tectónica cara o sudeste, ata entrar no Miño en Salvaterra. Neste tramo medio-alto vai abrigado por unha mestura de bosques e plantacións forestais, de campos de cultivo, prados e mato; un mosaico de hábitats semi-naturais e humanizados.

Esta paisaxe mixta é testemuña da interacción dos covelenses co seu medio desde os tempos castrexos, cando comezou o clareo das carballeiras primixeneas. Durante séculos o agro e a gandería, os piares da economía rural, mantiñan limpos os montes e os campos, ficándose as árbores só nos lugares mais inaccesibles. Esta época deixounos tamén cunha morea de construccións humnas, perfectamente mimetizadas no contorno, que constitúen un legado etnografico que non deixa de abraiar.

Un pode adiviñar a manchea de persoas que chimparon polos pasos de Lourido, ou os amores que se deron en tódolos seus muíños.

Non obstante, nos derradeiros 60-70 nos a paisaxe mudou de novo. Co declive do agro e da gandería e cos avances tecnolóxicos, os carros deixaron de rodar e os muíños deixaron de moer. Ficaron cada vez menos campos de cultivo e prados, e nos fondos do val as árbores comezaron a rexenerarse de novo, creando así importantes carballeiras e bosques de ribeira autóctonos.

Noutros tramos o agro foi sustituído polas repoboacións de piñeiro e eucalipto, masas de árbores de limitado valor ecolóxicco que desgraciadamente incrementan a vulnerabilidade desta paisaxe.

A NATUREZA DO CAMIÑO

O Tea acolle sete especies de peixe autóctono, que gozan da boa calidade das augas. A falla de presas e outras barreiras que permite que peixes migradores como o salmón e a lamprea cheguen case ata Lourido.

As libélulas e os cabaliños do demo pintan os aires do Tea de cores cada verán. Na súa fase xuvenil son acuáticos, e esixen augas moi limpas. A diversidade de especies presentes no Tea e bo indicador da súa calidade

Na conca alta do Tea crían ata 13 especies de anfibio. A ra patilonga, especie endémica do noroeste peninsular, é frecuente no río, nos regatos e nas levadas que pasamos no camiño

Os bosques do Tea están entre os melores conservados da provincia de Pontevedra. Ademáis de acoller fauna ligada ao medio acuático sosteñen cazadores como o azor.

O LEGADO HUMANO

Xeracións de covelenses vivindo das terras do Tea deixaron un legado abraiante de construccións e infraestructuras tradicionais. Feitos a man con materiais locais, enriquecen a paisaxe dun seito que os proxectos máis grandiosos dos nosos tempos raras veces fan.



Na ruta A Q A aproveitamos carreiros empedrados que aguantan perfectamente o paso do tempo; en Redondo andamos por una (xa seca) levada de auga que mantén durante centos de metros un gradiente constante. E ao cruzar os pasos de Lourido paga a pena parar e contemplar a dificultade da sua construcción sen maquinaria, e a intelixencia dos seus deseñadores que, sen ter estudos de enxeñería, comprendían perfectamente as forzas e a hidrodinamica do río.

Na ruta AQA pasamos polos recen restauradosmuíños de Portafurado e o muíño de catro rodicios en Maceira (abaixo).

A aparición do muíño hidráulico, nos séculos XI ou XII, revolucionou a vida dos nosos antepasdos. Ata hai unhas poucas décadas foron unhas das construccións máis importantes das nosas aldeas, económicamente inprescindibles e ademáis xogando un importante papel nas relacións sociais da Galicia rural.